



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Sports Podiatry		Code	750G02123	
Study programme	Grao en Podoloxía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Fourth	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Alonso Tajés, Francisco	E-mail	francisco.alonso.tajes@udc.es		
Lecturers	Alonso Tajés, Francisco	E-mail	francisco.alonso.tajes@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
General description	<p>O obxectivo da materia é formar ao futuro profesional nos coñecementos, competencias e aplicación da ciencia podolóxica ao campo da podoloxía deportiva, a través do estudo das características xerais da práctica de exercicio físico e deporte, o perfil dos e as deportistas, así como dos principais factores de risco de lesión asociados á realización de exercicio físico e/o a práctica de deporte, e a súa relación coa aparición de afeccións agudas ou crónicas do membro inferior, especialmente no complexo anatómico nocello-pé.</p> <p>A materia aborda a aplicación dos tratamentos dos diferentes campos terapéuticos podolóxicos (físicos, ortésicos, farmacolóxicos, etc.) ás afeccións cuxa causa de base sexa a práctica deportiva, realizando para ditas afeccións unha planificación integral tanto no seu tratamento como na súa prevención. Os principais bloques de contidos que se desenvolverán na materia son: Fundamentos de podoloxía deportiva e medicina do deporte. Conceptos básicos do exercicio físico e o deporte. Superficies de práctica deportiva. Epidemioloxía das lesións deportivas do membro inferior. Análise podolóxica na práctica deportiva: o xesto deportivo. Lesións do membro inferior asociadas á práctica deportiva (óseas, músculo-tendinosas, ligamentosas, neurolóxicas e dérmicas). Prevención das lesións asociadas á práctica deportiva. Análise do calzado deportivo: conceptos xerais</p>				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A100	CE36 Coñecer e diferenciar, segundo os parámetros clínicos, os procesos patolóxicos do pé, as afeccións estruturais e funcionais do aparello locomotor, as patoloxías de membro inferior e os procesos sistémicos con repercusión podolóxica
A101	CE37 - - Identificar as lesións dermatolóxicas e coñecer o seu tratamento
A102	CE38 - Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico
A103	CE39 - Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración, para emitir un diagnóstico e prognóstico, e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico de acordo aos obxectivos terapéuticos
A105	CE41 -Coñecer, diagnosticar e tratar as patoloxías do pé: Traumatismos óseos e músculo-ligamentosos, patoloxía de antepe e retropé, deformidades conxénitas e adquiridas, lesións neurolóxicas, Amputacións e Asimetrías
A111	CE47 - Coñecer e aplicar os principios da calzadoterapia, diferenciar as partes, os elementos e os diferentes tipos de calzado
A112	CE48 - Coñecer e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patoloxías morfolóxicas e funcionais do pé e no tratamento da dor e a inflamación
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B34	CG07 - Coñecer, deseñar e aplicar programas preventivos relacionados coa podoloxía e o fomento da atención podolóxica na poboación



C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C12	CT04 - Desenvolver o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C14	CT06 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C16	CT08 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
O alumno/a é capaz de valorar a biomecánica e patomecánica do pé presente nas diferentes técnicas deportivas, de realizar os tratamentos necesarios para tratar e/ou mellorar a funcionalidade do pé na práctica deportiva. Será capaz de explicar os fundamentos básicos fisiolóxicos do exercicio físico e o deporte, e a súa relación coas afeccións podolóxicas, así como analizar a contorna no que se desenvolven as actividades deportivas e a súa influencia nas afeccións podolóxicas.	A100 A105	B24	C12
O alumno/a é capaz de identificar e tratar as lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A100 A101 A105	B25	
O alumno/a coñece e aplica os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patoloxías do pé. O alumno/a adapta e aplica os tratamentos físicos, cirúrxicos e farmacolóxicos, ás lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A102 A112	B30	C11
O alumno/a coñece e aplica terapia da dor e inflamación do pé mediante o deseño e a aplicación protocolos para o tratamento e a prevención das lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A102 A112	B30	C12 C14
O alumno/a coñece, diseña e aplica ortesiología plantar e dixital ás lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A103	B34	
O alumno/a coñece e realiza estudos do calzado, calzadoterapia, mediante a análise das características xerais e particulares do calzado deportivo, a súa función e criterios de selección para o exercicio físico e o deporte	A111	B25	C11 C16

Contents	
Topic	Sub-topic
FUNDAMENTOS DE PODOLOXÍA DEPORTIVA EXERCICIO FÍSICO E DEPORTE SUPERFICIES ANÁLISES PODOLÓXICO EXPLORACIÓN PODOLÓXICA DO DEPORTISTA	TEMA 1: Introdución á podoloxía deportiva. Deporte e saúde. Conceptos básicos de podoloxía deportiva e medicina do deporte. O papel da podoloxía na medicina deportiva: o equipo multidisciplinar. TEMA 2: Exercicio físico e deporte: definicións e características. Principios xerais de fisioloxía do exercicio. Perfís de pacientes deportistas: a idade e o sexo. Psicoloxía no proceso de atención ao paciente deportista. TEMA 3: Protocolo de exploración do paciente deportista. A análise podolóxico na práctica deportiva: o xesto deportivo. Biomecánica da carreira. Influencia das superficies na práctica deportiva



<p>EPIDEMIOLOXÍA DAS LESIÓNS DEPORTIVAS DO MEMBRO INFERIOR.</p> <p>LESIÓNS DO MEMBRO INFERIOR ASOCIADAS Á PRÁCTICA DEPORTIVA: ÓSEAS, MÚSCULO-TENDINOSAS, LIGAMENTOSAS, NEUROLÓXICAS E DÉRMICAS.</p> <p>DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO</p>	<p>TEMA 4: Epidemioloxía xeral das lesións do membro inferior asociadas á práctica deportiva. Causas xerais e mecanismos de lesión deportiva.</p> <p>TEMA 5: Lesións óseas. Fracturas. Fracturas de estrés. Outras afeccións óseas asociadas ao estrés mecánico.</p> <p>TEMA 6: Lesións de ligamentos e fascia. Escordaduras de nocello e inestabilidade crónica de nocello. Talalgias mecánicas. Fasciopatía plantar e deporte.</p> <p>TEMA 7: Lesións tendinosas e musculares: aspectos xerais. Tendinopatías aquíleas no deporte.</p> <p>TEMA 8: Lesións neurolóxicas. Atrapamientos e outras neuropatías asociadas ao deporte.</p> <p>TEMA 9: Outras lesións frecuentes na práctica deportiva. Lesións da pel mecánicas e infectocontagiosas. Influencia de afeccións sistémicas na práctica deportiva.</p>
<p>PREVENCIÓN DAS LESIÓNS ASOCIADAS Á PRÁCTICA DEPORTIVA</p> <p>ADAPTACIÓN DE TRATAMENTOS PODOLÓXICOS AO PACIENTE DEPORTISTA</p> <p>ESTUDO PODOLÓXICO DO CALZADO DEPORTIVO</p>	<p>TEMA 10: Prevenición das afeccións podolóxicas asociadas á práctica deportiva. Hábitos deportivos na prevención de lesións: quecemento-arrefriado e estiramentos.</p> <p>TEMA 11: Os tratamentos ortopodolóxicos, físicos e farmacolóxicos no proceso de atención ao deportista: deseño, pautas de uso e adaptación. Uso de substancias e métodos prohibidos: dopaxe no deporte.</p> <p>TEMA 12: Calzado deportivo: Características e criterios xerais de selección. Características específicas os calzados deportivos dos deportes populares. Guía de prescrición individualizada de calzado deportivo e ortesis</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	21	42	63
Clinical practice placement	A100 A103 B30 C11 C12 C14	9	9	18
Objective test	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	1	15	16
Case study	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	1	15	16
Seminar	A100 B24 B25 B34 C16	14	14	28
Personalized attention		9	0	9
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	<p>As sesións maxistras consisten en clases expositivas-participativas dos contidos básicos da materia, con apoio audiovisual de imaxes, vídeos, etc. As sesións maxistras centraranse na exposición e debate dos contidos principais do temario.</p> <p>Poñerase ao dispor do alumnado, de maneira secuencial e a través do Campus Virtual, todo o temario cos contidos teóricos da materia. Para que as sesións presenciais teñan un carácter máis interactivo, é recomendable unha lectura detida do tema que se vaia a impartir na sesión correspondente. No campus virtual estará dispoñible un cronograma orientador cos temas que se traballarán en cada sesión expositiva.</p>
Clinical practice placement	<p>As prácticas da materia de Podoloxía Deportiva teñen carácter clínico e realizaranse na Clínica Universitaria de Podoloxía. Nelas desenvolveranse os protocolos de exploración e tratamento do paciente deportista, e incidirase na aplicación das probas de exploración e análise biomecánico do xesto deportivo, e a aplicación de tratamentos podolóxicos adaptados ao paciente deportista.</p>
Objective test	<p>Proba obxectiva de 25 preguntas tipo test con 5 opcións de resposta e unha única resposta verdadeira. As respostas incorrectas penalizan un 25% do valor da pregunta.</p>
Case study	<p>Resolución de casos clínicos cuxo motivo de consulta é patoloxía do pé asociada ao exercicio físico ou á práctica deportiva. Os casos conteñen unha descrición con datos clínicos a partir dos cales o estudante deberá responder a cuestións relacionadas co diagnóstico, o tratamento e a prevención de recidivas.</p> <p>O número de casos da proba escrita final oscilará entre 2 e 3 casos clínicos.</p>
Seminar	<p>Os seminarios da materia de Podoloxía Deportiva consistirán no estudo de temas específicos relacionados cos contidos da materia, nos que se traballarán tanto competencias específicas como transversais (procura bibliográfica, fomento dun segundo idioma, etc.), mediante diferentes actividades de traballo, fundamentalmente en grupo, as cales incluírán actividades como a resolución de casos clínicos relacionados coa actividade física e o deporte, utilizando metodoloxías de traballo colaborativo. Os seminarios tamén poden incluír outras actividades como debates, ou traballo práctico clínico de contidos relacionados coa exploración, diagnóstico ou tratamento podolóxico das deportistas.</p> <p>As actividades dos seminarios poderán desenvolverse na aula da Facultade de Enfermería e Podoloxía ou na aula e nas salas da Clínica Universitaria de Podoloxía. No campus virtual estará dispoñible cronograma orientador cos días nos que se planificarán os seminarios para cada grupo ou grupos de estudantes.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
Objective test	<p>A atención personalizada desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías";, ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes no Campus Virtual da UDC, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia (A través da plataforma TEAMS).</p> <p>Atención personalizada ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. Para o seguimento das actividades non presenciais o alumnado incluído neste suposto poderá solicitar as titorías preferentemente por medios telemáticos, se así o considera oportuno, co fin de realizar un seguimento das devanditas actividades, así como do resto de metodoloxías da materia.</p>
Case study	
Clinical practice placement	
Seminar	
Guest lecture / keynote speech	

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
---------------	------------------------	-------------	---------------



Objective test	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	Proba obxectiva (test) con 25 preguntas tipo test con 5 opcións de resposta e unha única resposta verdadeira. As respostas incorrectas penalizan un 25% do valor da pregunta. A proba obxectiva supón un 25% da cualificación final.	25
Case study	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	Resolución de casos clínicos cuxo motivo de consulta é patoloxía do pé asociada ao exercicio físico ou á práctica deportiva. Os casos conteñen unha descrición con datos clínicos a partir dos cales o estudante deberá responder a cuestións relacionadas co diagnóstico e co tratamento. Os casos clínicos supoñen un 40% da cualificación final.	40
Clinical practice placement	A100 A103 B30 C11 C12 C14	A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para todo o alumnado en calquera modalidade de matrícula. Na cualificación das prácticas clínicas terase en conta: 1) a aplicación dos coñecementos á práctica, especialmente os relacionados coa exploración e análise podolóxico do deportista durante a realización das prácticas (5% da cualificación final) 2) o enchemento dun cuestionario individual sobre coñecementos da aplicación de contidos teóricos á práctica clínica (10% da cualificación final)	15
Seminar	A100 B24 B25 B34 C16	Nos seminarios desenvolveranse actividades que ha de elaborar o alumnado de maneira individual ou en grupo e entregar en tempo en forma tal e como estará descrito no apartado correspondente da materia no Campus virtual da UDC. En cada seminario especificarase o obxectivo da mesma, os requisitos de formato e a súa puntuación correspondente. Para que as actividades sexan cualificadas e computen na cualificación final o alumnado debe asistir e participar nas actividades planificadas nos seminarios Os alumnos/as matriculados a tempo parcial, que soliciten nesta metodoloxía dispensa académica, terán asignadas actividades similares que realizarán en modo non presencial. As actividades dos seminarios presenciais como os non presenciais representan un 20% da cualificación final.	20

Assessment comments



Para superar a materia é obrigatorio asistir ás prácticas clínicas e superar o exame teórico (cunha calificación mínima do 50% do seu valor total). O exame teórico comprende a proba obxectiva (25%) e o estudo de casos (40%) As cualificacións das prácticas clínicas e os seminarios só computarán na cualificación final se se supera o 50% da cualificación do exame (non é necesario obter o 50% de cada parte; pódese obter o 50% con calquera combinación entre a porcentaxe da proba obxectiva e os casos clínicos). No caso de non presentarse ou non superar o exame na primeira oportunidade, as cualificacións das prácticas clínicas e os seminarios computarán na segunda oportunidade se se supera nesa oportunidade o 50% da cualificación do exame. A cualificación que figurará na acta, en caso de non superar o exame, será a cualificación do exame calculada sobre o 100% da avaliación. En segunda e sucesivas matrículas só computarán as cualificacións da metodoloxía práctica e os seminarios do curso inmediatamente anterior ao vixente (para a materia do plan de estudos de 2019).

A cualificación de Non Presentado outorgarase no caso de que non se presente ao exame ou non realice o 100% das prácticas clínicas. A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con cualificación con opción a matrícula que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora #de acordo con os interesados/as. En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación final igual ou superior a 9.0, poderán optar á matrícula de honra previa solicitude ao profesor e mediante a superación da proba anteriormente descrita. No caso de que non existan solicitudes expresas de opción a matrícula, o profesor se reserva a potestade de outorgalas naqueles casos que, cumprindo o requisito de cualificación final mínima, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude demostradas durante o desenvolvemento da materia Alumnado en matrícula parcial: O alumnado en matrícula parcial debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Para este alumnado é obrigatorio ao 100% a realización das práctica clínicas. A cualificación dos seminarios pode obterse mediante a realización de traballos dirixidos que o alumno/para realizará de forma autónoma (dispensa académica), e sen asistir ás sesións presenciais de traballo en grupo, presentando os traballos a través do Campus Virtual UDC e cun seguimento de atención personalizada en horario de titorías. O peso das actividades non presenciais é o mesmo que para as actividades presenciais da metodoloxía. Os estudantes SICUE, ERASMUS e BILATERAL poderán optar pola avaliación da matrícula ordinaria ou polas condicións da matrícula a tempo parcial. Oportunidade adiantada de avaliación: O alumnado que se atope nos supostos recolleitos na normativa de xestión académica da UDC dispoñerá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá, nesta oportunidade, un peso do 100% da cualificación final PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento Realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación. A realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, supoñerá directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: el alumno será cualificado con "suspenso" (cualificación numérica 0) na correspondiente convocatoria do curso académico, tanto se a infracción cométese na primeira oportunidade como na segunda. Para iso, modificarase a súa cualificación no informe de primeira oportunidade, en caso de ser necesario.

Sources of information



<p>Basic</p>	<p>Fontes bibliográficas nas que de fundamenta o temario elaborado para a materia:Avers D Brown M. Técnicas de balance muscular. 10ª ed. Barcelona: Elsevier; 2019Berquist TH. Radiología de Pie y Tobillo. 1ª ed. Philadelphia: Marbán; 2002Buckup K Hoffmann R. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 6ª ed. Barcelona: Elsevier; 2019Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 8ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2022De la Rubia, Ángel. Lesiones del corredor. Manual para prevenir y curar los problemas del running. 1ª ed. Madrid: La Esfera de los libros; 2017Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997Izquierdo M. Biomecánica y Bases Neuromusculares de la Actividad física y el Deporte. 1ª Ed. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2008Kirby KA. Biomecánica del pie y la extremidad inferior III: Artículos de Precision Intricast, 2002-2008. Arizona (USA): PrecisionIntricast, Inc; 2009Kirby KA. Biomecánica del pie y la extremidad inferior IV: Artículos de Precision Intricast, 2009-20013. Arizona (USA): PrecisionIntricast, Inc; 2015Kirby KA. Biomecánica del pie y la extremidad inferior V: Artículos de Precision Intricast, 2009-20013. Arizona (USA): PrecisionIntricast, Inc; 2018Mandrachchia V. Consulting Editor. Heel Pain. New York: Clinics in Podiatric Medicine and Surgery; 2005McNabb JW. Infiltraciones. 1ª ed. Madrid: Marbán; 2006Moreno de la Fuente JL. Podología Deportiva. 1ª Ed. Barcelona: Masson; 2005Porter DA, Schon LC. Baxter?s The foot and ankle in sport. 3ª Ed.Philadelphia: Mosby Elsevier; 2021Philbin TM. Sports Injuries of the foot. 1ª Ed. New York: Ed. Springer; 2014Sigel K Heck A. Physiotutors Assessment Book. Physiotutors 2021Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la Evidencia. 6ª ed. Madrid: Elsevier; 2017Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 4ª ed. Barcelona: Masson; 2014Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 28ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2023Viel E. Coordinador. La marcha humana, la carrera y el salto: Biomecánica, exploraciones, normas y alteraciones. 1ª Ed. Barcelona: Masson; 2002Waldman SD. Diagnostic Ultrasound of Painful Foot and Ankle Conditions. 1ª ed Philadelphia (USA): Wolters Kluver; 2016Werd MB, Knight EL. Editors. Athletic Footwear and Orthoses in Sports Medicine. 1ª ed Lakeland FL (USA): Springer; 2010Ylinen J. Estiramientos Terapéuticos (en el deporte y en las terapias manulaes).1ªed.Barcelona: Elsevier Masson; 2009Yates B. Editor. Merriman?s. Assessment of the lower limb. 3ª ed. Croydon (UK): Churchill Livingstone; 2012</p>
<p>Complementary</p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

- Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02104
- Dermatology/750G02124
- Podiatric Pathology I/750G02119
- Podiatric Pathology II/750G02120
- Podiatric Orthopedics II/750G02116
- Preventive Podiatry/750G02114
- Digital Orthopedics and Footwear Therapy/750G02117
- Clinical Orthopedics/750G02118
- Biomechanics of the Lower Limb/750G02111
- Chiropody 1/750G02125
- Chiropody 2/750G02126
- Pharmacology/750G02109
- Pharmacological Therapy/750G02122
- Bases for the Interpretation of Scientific Knowledge/750G02108
- Podiatric Orthopedics I/750G02115
- Diagnostic Imaging/750G02112

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

- Practicum II/750G02135

Subjects that continue the syllabus



Practicum III/750G02136

Other comments

Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de XéneroOs traballos documentais dos seminarios da materia solicitaranse en formato informáticoToda a información da organización da materia así como o temario estará disponible no Campus virtual en formato PDF para ser descargada ou consultada en liña sen necesidade de realizar a impresión de esta. No caso de ter que imprimila recoméndase: Impresións a dobre caraEmpregar papel recicladoComo parte dos valores da materia traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, así como facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitariaÉ recomendable facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural (por exemplo, evitar mercar botellas de auga de plástico ou empregar unha para encher de auga da fonte da facultade ou da clínica universitaria)

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.